







# A Cabeza de Medusa

## Marilar Aleixandre

XERAI





## FICHA TÉCNICA

Título: *A Cabeza de Medusa*  
 Autora: Marilar Aleixandre  
 Editorial: Edicións Xerais de Galicia  
 Colección: Fóra de Xogo  
 Nº páxinas: 224  
 ISBN: 978-84-9782-900-7  
 PREMIO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA 2008  
 PREMIO THE WHITE RAVENS 2009



## A AUTORA

MARILAR ALEIXANDRE (Madrid, 1947)

2

Vive en Galicia desde 1973.


É doutora en Bioloxía e catedrática de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela.

Colabora nas revistas *Nó*, *Luzes de Galicia* e *Festa da palabra silenciada*.

Conta con obra narrativa dirixida á infancia e á xuventude, así como a adultos. Dos primeiros podemos sinalar títulos como: *A formiga coxa*, *O rescate do peneireiro*, *Nogard*, *A expedición do Pacífico* (Premio Merlín e Premio da Crítica á creación literaria 1995), *O trasno de Alqueidón* (Premio Rañolas 1996 ao mellor libro infantil do ano), *Lapadoiros*, *Sacauntos e Cocón*, *Paxaros de papel*, *O chápiro verde*, *A banda sen futuro* (Premio Lazarillo e Lecturas Gálix 2001), *Rúa Carbón* (finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2006). Entre os segundos podemos citar: *Tránsito dos gramáticos*, *Lobos nas illas*, *A Compañía Clandestina da Contrapublicidade* (Premio Álvaro Cunqueiro), *Unha presa de terra* (Premio La Voz de Galicia de Novela por entregas) e *Teoría do caos* (Premio Xerais). Boa parte desta produción foi traducida a todas as linguas peninsulares.

No eido da poesía, recibiu o Premio Esquíu por *Catálogo de velenos*, o Premio Caixanova por *Mudanzas* e, conta tamén co volume, *Desmentindo a primavera*.

Ten realizado traducións ao galego de libros como *A caza do Carbairán*, de Lewis Carroll, *Babaiaga*, *Harry Potter e a pedra filosofal*, de J. K. Rowling, ou o poemario *Muller ceiba* de Sandra Cisneros.



## O LIBRO

Acadou o premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil no ano 2008.

A materia central da novela é o relato da violación de dúas mozas de segundo de bacharelato, á volta dunha festa. A decisión de meterse no coche duns descoñecidos semella unha acción sen marcha atrás, unha opción da que terán que arrepentirse ao longo de moito tempo.

Tal como sucede no mito da Medusa, a partir dese momento, moitos non se atreverán a miralas de fronte e semella que serán elas as castigadas por un delito que cometeron outros. Así, veranse obrigadas a debaterse, unha e outra vez, entre aceptar o pasado e esquecelo, ou afrontalo buscando xustiza, pese a quen pese.

Narrada en terceira persoa, conxuga a descrición, a narración e o diálogo, así como o xénero xornalístico, para conseguir, en palabras do xurado, «unha prosa áxil e dinámica que avanza con maxistral fluidez dende o comezo en que se coñece o acontecemento que desata a trama, ata a última páxina en que se resolve». Este suceso, con todo o que o rodea, é a trama que nos enfrenta a unha situación cruel, aínda na actualidade e no noso mundo. A autora fai visible, de forma novelada, un problema real, e móstrao con toda a crueza para que ninguén poida ignoralo. Porque *A Cabeza da Medusa* nos sitúa ante a discriminación da muller, os prexuízos e estereotipos que se manteñen e se defenden, incluso, por parte de persoas formadas e das que nunca o esperaríamos.


A relación que establece a autora entre esta violación e as mitolóxicas semella un grande acerto. Retómaas a través de varios textos clásicos entre os que destaca *Metamorfoses* de Ovidio, especialmente a historia de Medusa, a vítima condenada a levar serpes por cabelo en vez da súa orgullosa melena, e cunha mirada que transforma en pedra a quen a olla. Medusa, o horror e a grima sentida ante quen padece e non quen exerce o mal. É aí a mensaxe: ao mal feito polo violador hai que engadirlle a pena que se impón a quen o padeceu, ou ben por parte dunha deusa ou da sociedade. Á violación real séguea a violación simbólica ou social.

3



## TEMAS E VALORES

- *Mitoloxía.*
- *A discriminación da muller.*
- *Delitos sexuais. Violacións.*
- *Novela de iniciación.*
- *Tempos de instituto.*
- *Casa de acollida.*



## ACTIVIDADES

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples opcións de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas, dunha maneira que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes (tendo en conta os obxectivos que o guían) ou creará as súas propias, baseándose nas que se deseñan a seguir.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade arredor desta lectura debe ser complementario do anterior, pero de ningún modo debe ocultar o obxectivo principal que é ler e gozar da obra.

### ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar a historia e o que podemos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca da temática que se cita e da mitoloxía.
- Identificamos a autora e comentamos o que saibamos dela. Podemos axudarnos coa lectura do apartado que leva o título «A autora». Buscamos os seus libros na biblioteca e facemos unha busca na rede para documentarnos.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Revisamos o apartado «Últimos libros da colección» e comentamos os que xa limos.
- Informámonos sobre outros libros que acadaron anteriormente o Premio Fundación Caixa Galicia.
- Falamos das expectativas que temos acerca desta obra.
- Comentamos a fotografía da capa. Documentámonos sobre a súa autora.

## 4

### AO LONGO DA LECTURA:

- Lemos a dedicatoria. Falamos das persoas a quen llo dedica e das razóns polas que o fará. Comezamos a descifrar que son os amor(ot)es ventureiros. Tamén podemos deixalo para cando rematemos a lectura, pois daquela será máis doado.
- Explicamos a cita que dá entrada á obra. Indagamos quen é a súa autora.
- Revisamos o índice e comentamos as historias que pode haber detrás de cada unha das partes ou capítulos, os personaxes mitolóxicos que van aparecendo, etc.
- Identificamos quen narra a historia.
- Seleccionamos os fragmentos máis interesantes, ao noso entender, para poder compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- O título de cada un dos capítulos será unha porta de entrada que nos permitirá anticipar o seu contido. Despois de ler cada un deles, podemos crear un título que o resuma.
- O principio da novela podería lembrarche outra obra. Podería ser *Crónica dunha morte anunciada* de García Márquez? Neste caso, anunciaríase unha violación. Confirmámolo.
- Podemos ilustrar, segundo o noso gusto, aquelas pasaxes da novela que nos suxiran unha imaxe. Unha delas, como exemplo: «(...) amenceu bochornoso, a cidade pugnando por tirar os cumes dos edificios para fóra dos farrapos da néboa (...)»
- Localizamos as referencias a textos da literatura grecolatina como *Metamorfoses*, e tamén á literatura galega como *Pel de lobo* ou *Livro das Devoracións*. Por grupos, podemos encargarnos de documentarnos sobre as obras e os autores, lelas e presentalas nunha posta en común ao resto dos compañeiros e compañeiras.
- Debates sobre a afirmación que se verte no texto en relación a que o amor e o odio son o tema central da poesía de todos os tempos.

- Podemos realizar o traballo que propón, na obra, a profesora de galego, escollendo cada un de nós un autor ou autora contemporánea e buscando un texto seu para ler e defender diante dos demais.
- Expliquemos as frases feitas que atopamos como «coller auga nun cesto», «pedra solta non ten volta», «gardar das risas para as choras»... Buscamos outras.
- A autora adoita tratar os seus lectores como interlocutores cos que dialogar sobre saberes que nos son propios. Dá por feito que compartimos unha serie de referentes históricos, artísticos, culturais e actuais. Estaría ben que os comentásemos entre nós, engadindo información sobre libros, personaxes, músicos, etc.
- No texto aparecen unha serie de contos tradicionais coma *O parruliño feo*, *Cincenta*, *Barba Azul*... Expliquemos a razón pola que os introducirá na obra.
- O noso idioma toma prestados doutros determinados termos que precisa, como sucede cos anglicismos. A ver cantos atopamos nunha mirada rápida! A que campos pertencen?
- Facemos un remuíño de ideas sobre o Entroido: que imaxes, que lembranzas, que comidas, que diversións ou que disfraces gardamos desta época. Cal foi o máis memorable de todos?
- Describimos cada un dos personaxes da novela recollendo os seus trazos máis significativos.
- Escotes, roupas apertadas, colonias fortes... fan que algunha rapaza semelle máis vella que outras que continúan sen despegar as ás, sen bicar mozos... Son diferenzas no desenvolvemento e diferenzas tamén no contorno sociocultural. Que opinamos?
- Imos recollendo aqueles aspectos relacionados coa discriminación da muller que aparecen no texto para, posteriormente, analízalos entre todos. Podemos comezar coas violacións de mulleres realizadas por deuses recollidas nas *Metamorfoses*, e como son elas as castigadas e non eles.
- Preguntámonos:
  - Que teñen en común as citas que aparecen no libro?
  - Cal é o significado de odalisca? E o de ursulina?
  - Que sabemos do op-art?
  - Que hai detrás da palabra Gorgona? Existe algunha illa con ese nome?
  - Que son os centros de acollida e como funcionan?
  - Cal é a diferenza entre un deus e unha ninfa?
  - Que son pauliñas?
  - Cal é o significado de *vafips* ou *reilers*?
  - Que hai detrás das siglas MIR? E de ADN?
  - Como definirías a avoa de Sofía?
  - Que películas aparecen citadas no texto?
  - Que é o que lle dá unidade a cada unha das tres partes da novela?
- Realizamos un esquema, a modo de sociograma, no que imos detallando as relacións entre os diferentes personaxes da novela.
- Os dramas no interior dun coche de policía; a serea alarmando... Contemos algunha experiencia ao respecto.
- Denunciar a violación ou non denunciala? Debatamos acerca do que fariamos nós de estar no seu lugar. Que argumentos temos a favor e cales en contra.
- Seguir adiante coa denuncia ou non? Debaterse na dúbida. Atender aos rogos dunha nai, ás presións dun pai, á oferta que se realiza a través do avogado. Aturar a presión ou entregarse e rematar ese calvario.
- Virxindade, testosterona, andróxinos, hime, anabolizantes, hormonas, condón... léxico para adolescentes? Que outros temas engadirías?
- Anticonceptivos, pílula do día seguinte, embarazo non desexado, doenza venérea, fluxo vaxinal... Cal é o campo léxico? Aumentémolo.
- A situación da muller noutros países, a comparación entre uns e outros, pero tamén os puntos de contacto entre todos eles, pode ser tema de coloquio, algunha pequena investigación e posta en común.
- Analicemos punto por punto todas as intervencións no Consello Escolar, seguramente nos iluminarán para descubrir como hai xente que se agocha detrás de frases como «ninguén é culpable ata que se demostra o contrario», outros que queren lavarse as mans coma Pilatos... Moitas veces agochamos a comodidade ou uns valores que non son politicamente correctos defendendo a liberdade de actuación ou a autonomía persoal. Opinemos e relacionémolo con situacións que teñamos vivido.


## 6

- Unhas das intervencións que talvez nos sorprendera é a do profesor que declara: «Eu se Rosa, unha muller que estará a favor das mulleres, non?... e que sabe tanto, vota que non... que vou dicir eu?». Que sucede coa defensa das mulleres: é certo que moitas veces outras mulleres non as apoian e que adoptan posicións pouco solidarias?
- Ser violada, facer a denuncia na policía, ser recoñecida no hospital, saír no xornal... cada banzo da escaleira semella unha dificultade máis, unha ocasión para debaterse –de novo– entre o arrepentimento por realizar a denuncia ou o cúmulo de rabia contra os agresores, entre o esquecemento e o enfrontamento continuo co problema. É coma se tivesen que converterse en heroínas, cando unicamente querían ser mozas convencionais, rapazas anónimas sen grandes episodios que contar. Reflexionemos sobre estas situacións.
- «As olladas de esguello, os comentarios ás miñas costas, as preguntas con mala intención...». Todo isto as espera despois de saír a noticia no xornal, porque non é difícil adiviñar quen son as que están detrás das iniciais coa cantidade de datos que se deron. A situación semella esperpéntica e como tal podemos representala.
- Estudemos o papel da muller nos antigos libros: *Metamorfoses, A Biblia...*
- Animémonos a ilustrar algunha das escenas que se describen.
- Tal como lle pide a profesora Olga ao seu alumnado, imos escribir un texto curto que comece cunha negación: «Non digas que non...», «Non quero...», «Non...».
- Probemos, deseguido, a escribir un texto que comece con «Se che dixese que...» ou «É certo que...».
- Pensemos en libros como *Sostiene Pereira*, nos que o título dá pé á narración, e busquemos algunha alternativa que poida facer a mesma función.
- O texto que escribe Sofía sorpréndeos, entre outras cousas, porque non lles semella escrito por unha rapaza... É que hai unha maneira de escribir propia das mulleres e outras dos homes? Realizade un debate arredor desta pregunta.
- Hai textos que resultan ambiguos, nos que os equívocos forman parte da propia riqueza. Lembramos algún?
- A colocación do calendario con fotos de mozas en roupa interior e posturas insinuantes seguramente nos lembra algunha anécdota. Comentemos as reaccións dos alumnos e alumnas da clase e as que temos nós ante este tipo de intervencións; cal nos semella máis adecuada, etc. Estamos de acordo con Pepa ou con Suso? Consideramos que desfacerse do calendario é censura? E colocalo no taboleiro, que sería?
- Certamente, hai persoas como Jessica que, por razóns que non adoitan verbalizarse, non ten amigos. Reflexionemos sobre isto.
- Tolerancia cero coa violencia de xénero, semella ser a mensaxe da directora do instituto. Non obstante, tamén ela terá que enfrontarse ao lado escuro de certo alumnado e profesorado. Revisamos e comentamos esas intervencións que consideramos pouco adecuadas.
- Cando entran na súa aula, no instituto, non sucede o que temen: «ser o centro de todas as miradas»; ninguén as mira: «era como se camiñasen debaixo da capa da invisibilidade de Harry Potter». Logo, caerán na conta de que a consigna da dirección era «como se non pasase nada». Consideramos que esa é a mellor postura?
- Opinemos acerca do texto que se recolle no capítulo IX da revista da Sección Feminina.
- Comentemos:
  - «Unha sempre pensa que estas son cousas que lles pasan aos demais».
  - «Isto non é unha vergoña. O que debe avergoñarse é o que te agrediu».
  - «A discriminación das mulleres (...) non é unicamente cuestión de leis, implica tamén unha forma de ollar o mundo, unha especie de lente que fai daren por suposto que quen ocupa a posición superior é un macho».
  - «Talvez peor que a censura que os demais exercen sobre nós coas súas olladas de esguello, é a que exercemos nós mesmas».
  - «Cómpre enfrontarse outra vez ás olladas de compaixón, ás olladas que se desvían para non encontrar a túa».
  - «Talvez resulte difícil aceptar a incerteza, que entre nós habitan xentes que un día poden cometer actos de barbarie, violar a muller ou as fillas do veciño, como ocorreu nos Balcáns; aceptar que moitos de nós levamos no interior un ser bravo ao que custa manter a raia».

- «Ou resulta que se unha rapaza leva minisaia os mozos estamos autorizados a violala? Somos animais que non podemos gobernar os nosos instintos?».
- «Creo que hai dúas violacións. Unha física e outra simbólica. (...) A perda da virxindade e da chamada honra. A forma en que te miran os demais. A pintada de Mauricio. Todo o que amplifica a violación dun xeito insoportábel».
- «Fágoo por min mesma (manter a denuncia), máis tamén polas que veñan detrás. Porque denunciar unha violación tería que ser tan normal como denunciar a un tipo que che atropela o pé cunha moto...».
- «Cada un de nós tomamos as nosas propias decisións, mais non podemos manter a ilusión de que, fagamos o que fagamos, en nada afecta aos demais».
- No libro non só se relata a violación de Sofía e Lupe, senón tamén a de Jessica, neste caso por alguén da familia de acollida coa que vive. Comentemos as diferenzas entre unhas e outras agresións.
- Na obra aparecen diferentes tipoloxías textuais. Vexamos cantas somos capaces de descubrir.
- «As feministas animan ás mulleres agredidas a denunciar, único camiño para que estes delitos non se repitan». A que nos soa isto?
- Cando se descubre a identidade dos violadores, atopámonos con que son dous rapaces «normais», estudantes de enxeñaría... Por que pensamos que determinados tipos de agresións son propias dunha clase social e non doutra, dun tipo de familia desestruturada ou marxinal e non das convencionais...?
- Escribimos un texto que comece «Eu son ti», tal como fai o que se recolle ao final da novela.
- Nos agradecementos, a autora fala dos anos que levou a historia dentro de si, sabendo que a escribiría algún día. Semella cumprir unha débeda. Pensamos se tamén nós levamos algunha historia agardando no noso interior.

#### DESPOIS DA LECTURA:

- Unha vez rematada a lectura realizamos unha posta en común na que anticipamos a continuación: seguirá para diante coa denuncia Lupe? Que pasará no xuízo?
- Resumimos o argumento desta historia. Observamos cal sería a trama principal e cales as secundarias.
- Leamos *A morte e a mestra* de Mariasun Landa. Faremos o mesmo con todos aqueles libros, citados ou dos que se recollen fragmentos, que nos chamasen a atención.
- Se este libro nos gustou, lemos outros desta autora.
- Comparamos as imaxes que serven de pórtico a cada unha das partes, e estas, á súa vez, coa portada. Comentamos segundo a qué cremos que se seleccionaron. Buscamos outras representacións da Medusa.
- Tal como nunha película, imaxinamos o que pasará cos protagonistas desta historia dez anos máis tarde.
- Esta podería ser unha boa historia para pasar a cine. Imaxinemos como facelo, que música poñerlle, por onde comezar a rodaxe, que actores e actrices poderían representar os personaxes...
- Podemos escribirlle unha carta á autora, comentándolle a nosa opinión sobre este libro e suxeríndolle outros temas sobre os que nos gustaría que escribise.
- Buscamos algún poema que poidamos relacionar con esta novela.
- Observamos se hai diferenzas entre a valoración que se fai do libro por parte dos lectores e das lectoras. Realizamos unha posta en común, para comentar a nosa opinión, sobre o texto.
- Identificamos e comentamos os valores que defende a autora.
- Relacionamos a novela con outros libros e con algunha película.
- Tal como a colección chamada «A favor das nenas», esta obra semella produto do empeño da escritora por novelar unha das situacións máis difíciles ás que deben facer fronte algunhas mulleres, parándose en cada unha das dificultades que atopará no seu camiño despois de ser violada. Como un aviso a navegantes, a autora fixa no papel as advertencias para que ninguén desfaleza ante a adversidade. Citamos outras características a destacar nesta novela.
- Entramos e mergullámonos nas críticas e novas acerca deste libro: <http://gl.wordpress.com/tag/acabeza-de-medusa/>, na páxina persoal da autora: <http://www.marilar.org>



8

**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono Pocomaco  
Avenida 3 Edificio Diana  
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña  
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

**XERAIS**

Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: [xerais@xerais.es](mailto:xerais@xerais.es)  
<http://www.xerais.es/>

**EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA**



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008  
Depósito legal: VG 610-2009